

▶ ABERTA CONVOCATORIA

AXENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN · AEI

# CONVOCATORIA REDES DE INVESTIGACIÓN 2026

DOTACIÓN TOTAL

6,6

MILLÓNS DE EUROS

Reforzando a colaboración · Xerando sinerxias · Impulsando a investigación



AXENCIA GALEGA  
DE COÑECEMENTO  
EN SAÚDE

## Convocatoria AEI · Redes de Investigación 2026

Incentivar a creación de redes de investigación para promover a complementariedade de capacidades e optimizar os recursos de investigación existentes, xerando sinerxias entre grupos de investigación de distintas institucións.



### Colaboración

Fomentar a colaboración e sinerxias entre grupos de investigación de distintas institucións



### I+D+i de calidade

Desenvolver resultados de convocatorias anteriores e consolidar actividades dos Plans Complementarios



### Impacto estratéxico

Vertebrar con carácter estratéxico as actividades de I+D+i en España, nacional e internacionalmente

# ENTIDADES BENEFICIARIAS

## Art. 5 da Convocatoria · Resolución da Presidencia da AEI, 29 maio 2026

**1º** Institutos de investigación sanitaria acreditados (RD 279/2016)

**2º** Entidades e institucións sanitarias públicas e privadas sen ánimo de lucro vinculadas ao SNS

**3º** Organismos públicos de investigación (OPIs) definidos no art. 47 da Lei 14/2011

**4º** Universidades públicas e privadas con capacidade e actividade demostrada en I+D+i

**5º** Centros Tecnolóxicos e Centros de Apoio á Innovación Tecnolóxica de ámbito estatal

**6º** Outros centros públicos ou privados de I+D+i sen ánimo de lucro con I+D+i como actividade principal

A convocatoria inclúe catro modalidades · Art. 1 e 8

1



## Redes Temáticas

Fomentar colaboración e sinerxias entre grupos financiados en convocatorias anteriores do Plan Estatal de I+D+i.

**AXUDA: 20.000 € – 50.000 €**

2



## Redes ICTS

Impulsar a coordinación interna e as actividades das Infraestruturas Científicas e Técnicas Singulares.

**AXUDA: 20.000 € – 150.000 €**

3



## Redes Estratéxicas

Xestión e coordinación nacional de iniciativas estratéxicas de I+D+i, alianzas ERIC e grandes infraestruturas internacionais.

**AXUDA: 20.000 € – 150.000 €**

4

**NOVIDADE**




## Redes Plans Complementarios

Planificar actividades conxuntas de coordinación entre CCAA e o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

**AXUDA: 20.000 € – 200.000 €**

# REQUISITOS DO PERSOAL INTEGRANTE DA REDE

## Arts. 6 e 7 · Coordinador/a e equipo de investigación

 **REQ. XERAL:** Vínculo profesional coa entidade solicitante tanto o/a coordinador/a como o equipo de investigación (relación funcional, estatutaria, laboral ou outro vínculo profesional válido).

### Redes Temáticas

#### Coordinador/a:

Doutor/a + IP de proxecto das conv. 2021-2024 de Proxectos de Xeración de Coñecemento

#### Equipo:

Doutor/a + IP ou membro de equipo convs. anteriores. Mínimo 8 representantes (incl. coordinador/a).

### Redes ICTS

#### Coordinador/a:

Doutor/a ou titulado/a universitario/a + designado/a polo órgano de coordinación das ICTS.

#### Equipo:

Doutor/a ou titulado/a universitario/a + representante de cada infraestrutura (+ posible experto/a independente).

### Redes Estratéxicas

#### Coordinador/a:

Doutor/a ou titulado/a universitario/a (licenciatura, enxeñería, arquitectura ou grao).

#### Equipo:

Mesmos requisitos que o/a coordinador/a da rede.

### Redes Plans Complementarios

#### Coordinador/a:

Doutor/a + coordinador/a científico/a nacional do Plan Complementario correspondente.

#### Equipo:

Doutor/a + coordinador/a científico/a de cada CCAA participante. Mínimo 4 representantes.

## Art. 9 · Conceptos elixibles (modalidade custos marxinais, ata 100%)

### ✓ QUE SE PODE FINANCIAR



Gastos de persoal (doutores/as, titulados/as superiores, persoal técnico)



Organización e asistencia a actividades científico-técnicas (reunións, xornadas, seminarios, viaxes)



Publicación e difusión das actividades; ferramentas web e informáticas



Cotas a sociedades científicas e organizacións de referencia (só Redes Estratéxicas)



Subcontratación: ata 25 % (Redes Temáticas) ou ata 50 % (resto de modalidades)

### ✗ NON ELIXIBLE

✗ Material inventariable

✗ Gastos de inscrición en congresos científicos

✗ Honorarios por participación en actos nin pagos a conferenciantes (Temáticas e ICTS)

✗ Gastos de persoal do coord./a nin do equipo da rede

✗ Custos indirectos

# CONTÍAS E ORZAMENTO DA CONVOCATORIA

Arts. 10 e 11 · Modalidade de subvención con cargo aos PXE

DOTACIÓN  
TOTAL

6,6

MILLÓNS €

+ ata 1 M€ adicional  
se hai crédito dispoñible

## AXUDA POR MODALIDADE

Redes Temáticas	MÍN. 20.000 €	MÁX. 50.000 €
Redes ICTS	MÍN. 20.000 €	MÁX. 150.000 €
Redes Estratéxicas	MÍN. 20.000 €	MÁX. 150.000 €
Redes Plans Complementarios	MÍN. 20.000 €	MÁX. 200.000 €

Execución: 2 anos · Tramitación anticipada · Pagamento por anualidades anticipadas (2027 + 2028)

# PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Art. 13 · Plataforma Facilit@ da AEI · Só por medios electrónicos

## PRAZO DE PRESENTACIÓN

**10 xuño – 01 xullo 2026**

Ata as 14:00 h (hora peninsular española)

## Execución

**2 anos**

Dende a data indicada  
na resolución de concesión

## Financiamento

**PXE**

Orzamentos Xerais do Estado  
2027 + 2028 (estimado)

## PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

**1**

Alta previa en RUS (Rexistro Unificado de Solicitantes) como investigador/a ou representante legal

**2**

Entidade inscrita en SISEN (Sistema de Entidades) e representante legal acreditado/a

**3**

O/a coordinador/a cubre o formulario electrónico e achega memoria técnica (máx. 10 páx.) e CVA (máx. 4 páx.)

**4**

Firma electrónica avanzada da persoa con representación legal + rexistro electrónico a través de Facilit@

## Anexo I · Avaliación en fase única por comisións técnicas de persoas expertas

01

0–40 pts



**Calidade e viabilidade da proposta**

Idoneidade, calidade científica e innovación; relevancia e novidade dos obxectivos; metodoloxía e plan de traballo; recursos humanos e materiais; identificación de puntos críticos e plans de continxencia.

02

0–30 pts



**Calidade e traxectoria dos compoñentes**

Contribucións científico-técnicas do/a coordinador/a e do equipo; resultados obtidos; colaboracións previas entre membros; complementariedade e grao de internacionalización.

03

0–30 pts



**Impacto esperado dos resultados**

Impacto científico e técnico para impulsar avances significativos; xeración de sinerxias; plan de comunicación científica e divulgación social dos resultados.

**Desempate: criterio 1 → criterios 2 e 3 → maior % de mulleres participantes → solicitude presentada antes.**

### Anexo IV · Coordinación CCAA – Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades

Dirixidas a planificar actividades conxuntas futuras e consolidar resultados das actuacións financiadas nos Plans Complementarios de I+D+i de coordinación entre CCAA e o Ministerio. Axuda entre 20.000 € e 200.000 €.

**1** Biotecnoloxía  
aplicada á saúde

**2** Ciencias mariñas

**3** Comunicación  
cuántica

**4** Enerxía e hidróxeno  
renovable

**5** Agroalimentación

**6** Astrofísica e física  
de altas enerxías

**7** Materiais  
avanzados

**8** Biodiversidade